

## CONCELLO DE VIGO

O director xeral de Comercio e Consumo, con data 19 de decembro de 2023, ditou a resolución que de seguido, entre aspas, se transcribe

### CPG. 19.12.2023

#### Taxis: Vigo

Vista a solicitude de revisión de tarifas de auto-taxi presentada polo Concello de Vigo o 21 de novembro de 2023, o informe favorable adoptado pola Comisión de Prezos de Galicia o día 19 de decembro de 2023, e tendo en conta o artigo 16.4 e o anexo 2 do Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño (BOE do 8) sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica e que así mesmo fixa os prezos autorizados de ámbito autonómico, o Real Decreto nº 2695/1977, do 28 de decembro (BOE do 31), sobre medidas relativas a política de prezos, así como as competencias que lle atribúe o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, esta Dirección Xeral de Comercio e Consumo

#### RESOLVE:

Autorizar a aplicación das seguintes tarifas máximas (IVE incluído), para o transporte urbano en auto-taxi para Vigo solicitadas polo concello:

<b>TARIFA 1</b>	<b>Tarifas solicitadas</b>
Días laborais de 6,00 a 22,00 horas	
Tarifa mínima (1700m ou tempo equiv)	4,10
Quilómetro percorrido	1,10
Hora de espera	23,05
Suplemento aeroporto	5,12
IFEVI	3,58
Maleta e vultos análogos (con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada un das persoas usuarias)	0,65
<b>TARIFA 2</b>	
Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 6,00 e	



servizo nocturno de 22,00 a 6,00 horas	
Tarifa mínima (1.100m ou tempo equiv)	4,35
Quilómetro percorrido	1,25
Hora de espera	25,10
Suplemento aeroporto	5,12
IFEVI	3,58
Maleta e vultos análogos (con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65

Suplemento de 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00:00 ata as 10:00): 2,55€  
Suplemento por persoa a partir da 6ª praza: 0,59€

Santiago de Compostela. O director xeral de Comercio e Consumo. Asdo/Manuel Heredia Pérez.- Rubricado e selado

O que lle comunico para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela,

A xefa do servizo de Ordenación

Belén Hevia Ramos